

II PLAN PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES MUNICIPAL DO CONCELLO DE ARZÚA

ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ARZÚA

Primeiro.- Apróbese para o período 2008-2011 o II Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal de Arzúa que figura como anexo a este acordo.

Segundo.- A Concellería de Benestar Social e Igualdade, a través do Centro de Información á Muller Municipal, realizará as funcións de impulso e coordinación das medidas previstas no Plan.

Terceiro.- Os distintos departamentos municipais adoptarán as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución deste II Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal no ámbito das súas competencias para acadar a incorporación do “*mainstreaming de xénero*” en todas as políticas, a todos os niveis e en todas as medidas adoptadas polo Concello.

Cuarto.- Antes de rematar o período de vixencia previsto para o Plan, a concelleira de Benestar Social e Igualdade emitirá un informe de avaliación ao Pleno no que se expoñerá o grao de cumprimento acadado, as actuacións postas en marcha e, se fora o caso, as causas que motivaron a que non se realizaran algunhas actuacións previstas.

ÍNDICE

I.- Introducción.

II.- Emprego.

III.- Saúde.

IV.- Educación.

V.- Conciliación da vida familiar, laboral e persoal.

VI.- Avaliación

I.-INTRODUCCIÓN

O documento que ten vostede na man é o II Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal de Arzúa entre mulleres e homes.

O Concello de Arzúa conta cunha longa traxectoria no campo da consecución da igualdade entre homes e mulleres. É importante lembrar que foi un dos cinco Concellos pioneiros de Galicia que, xa en 1995, puxeron en marcha un Centro de Información á Muller co fin de potenciar as Políticas de Igualdade. Tras doce anos de andaina profesional, hoxe oferta non só actividades en prol da igualdade senón tamén información e asesoramento especializado: xurídico e atención psicolóxica a mulleres do noso concello.

Rematado o prazo de execución do I Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal de Arzúa e tendo acadado un resultado moi satisfactorio nas accións levadas a cabo, dispoñémosnos a continuar na ardua tarefa de pór en marcha ferramentas e iniciativas en prol da igualdade de dereitos.

Se no I Plan adquiríamos un firme compromiso co principio de igualdade -adoptando un conxunto de medidas dirixidas a impulsar e desenvolver unha política orientada ás prácticas de igualdade de oportunidades en toda a acción municipal-, o II Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal de Arzúa xorde da vontade de conseguir a igualdade real e efectiva de oportunidades entre as mulleres e os homes do noso concello.

Para a elaboración deste II Plan de Igualdade, ademais das directrices europeas, tivéronse en conta: o avance do Concello nos temas de igualdade, o ámbito territorial (rural e disperso), as distintas experiencias e resultados das políticas de igualdade realizadas no concello, a avaliación do I Plan, o estudo das necesidades das mulleres de Arzúa (froito dun traballo de campo levado a cabo polo Centro de Información á Muller), así como a auditoria técnica realizada no noso Concello co fin de elaborar a Axenda 21 de Arzúa.

O incremento de persoas dependentes no noso concello e a necesidade de coidado que presentan os nosos maiores e os nosos nenos fan deste Plan unha forte aposta pola conciliación da vida persoal, familiar e profesional.

Outra das grandes áreas do Plan constitúea o reto de mellorar a saúde da nosa poboación feminina. As mulleres teñen problemas e necesidades de saúde específicas e, tamén, unha perspectiva do proceso de saúde e enfermidade diferente á dos homes.

O trío educación-formación-emprego constitúe outro dos eixes deste II Plan de Igualdade. Así, as medidas propostas para cada área deberían ter un efecto multiplicador nas outras dúas.

O Concello de Arzúa, ao aprobar este II Plan, asume un forte compromiso para pór os medios precisos para desenvolve-lo tal e como xa se fixo ao realizar as accións propostas no I Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal de Arzúa 2005-2006.

II - MULLER E EMPREGO

1- Introducción

A recente auditoría técnica realizada no noso Concello, co fin de elaborar a Axenda 21 de Arzúa, recolleu as principais problemáticas do municipio. Estas foron agrupadas nun Plan de Acción con tres áreas de actuación:

- 1) Desenvolvemento económico e emprego.
- 2) Ordenación do territorio e medio ambiente.
- 3) Integración social.

A perda de poboación constitúe o problema máis grave para o desenvolvemento de Arzúa a longo prazo. Isto afecta ao mantemento do comercio, aos servizos públicos, á actividade económica e, en definitiva, á calidade de vida.

Todo proceso de desenvolvemento, para poder ser considerado como tal, debe combater as desigualdades sociais e procurar que todas as persoas teñan acceso a bens básicos como á vivenda, á educación, á sanidade, á seguridade e ao traballo. Deste xeito, ao servizo da sociedade aumentarán a estabilidade e a riqueza.

Un dos propósitos básicos do Plan é incrementar as posibilidades de elección das persoas e, de xeito particular, debe atenderse á igualdade entre homes e mulleres de Arzúa.

2-Situación actual

Dos datos da Enquisa de Poboación Activa despréndese que a taxa de actividade dos homes é dun 63,8% e a das mulleres, un 45,5%. É dicir, hai un 55,5% de mulleres inactivas fronte a un 36,2% de homes, case 20 puntos de diferenza.

Así, tamén, resultan importantes as grandes diferenzas que existen dentro da poboación activa se nos decatamos de que hai o dobre de mulleres, con respecto a homes, que non teñen traballo: un 18,3% de mulleres paradas fronte ao 9,0% de homes.

A maioría das causas para explicar a alta taxa de inactividade das mulleres seguen sendo as mesmas dende hai moito tempo. A falta de postos de traballo refléxase na alta taxa de paro, con períodos moi longos nesta situación ata atopar un emprego. Ante esta situación, moitas mulleres optan por abandonar a busca de emprego e pasan a ser inactivas. As mulleres que segundo as estatísticas son parte da porcentaxe de inactivas, seguramente, forman parte do gran número de persoas que traballan na economía somerxida (traballos non declarados, non cotizados e con salarios pésimos).

Cabe destacar, tamén, a baixa promoción do sector empresarial, a pouca diversificación industrial e o escaso peso da actividade comercial con pouca innovación nos sectores máis importantes como son a hostalaría e o comercio.

No concello de Arzúa hai que facer fincapé no elevado número de mulleres que traballan na agricultura e no servizo doméstico. E, normalmente, non están dadas de alta no correspondente Réxime da Seguridade Social.

Ademais, temos altos niveis de precariedade laboral, nos que a maioría das mulleres desenvolven o seu traballo. As mulleres sofren unha maior temporalidade na contratación e úsanse, maioritariamente, contratos de interinidade, por obra ou por circunstancias da produción. Asemade, atopámonos cun número moi elevado de mulleres contratadas a tempo parcial. Isto, adoita ser a única opción para acceder a un posto de traballo, e non unha elección persoal.

Por outra banda, debemos salienta o escaso desenvolvemento das vías de comunicación, as dificultades de mobilidade da xente do rural e a escasa articulación do sector do transporte.

3.- Obxectivos

1.- Incentivar a consecución da igualdade real no ámbito laboral.

Accións

- a) Fomentar a participación das mulleres nos cursos de capacitación para a súa incorporación ao mercado laboral.
- b) Campaña informativa dirixida ao empresariado co fin de dar a coñecer as medidas e incentivos existentes para favorecer a contratación de mulleres.
- c) Promover o distintivo de igualdade nas empresas co obxectivo de fomentar o emprego feminino.

2.- Establecer medidas de apoio que faciliten o acceso e o mantemento das mulleres no posto de traballo.

Accións

- a) Ofertar actividades encamiñadas a prestar apoio ás mulleres traballadoras con cargas familiares ou serias dificultades de mobilidade.
- b) Sensibilizar ao conxunto da poboación sobre a discriminación laboral que sofren as mulleres.
- c) Fomentar o emprego estable e de calidade.
- d) Establecer medidas encamiñadas a favorecer o acceso ao mercado laboral daquelas mulleres que residen nos núcleos máis illados.

3.- Promover a inserción das mulleres no mercado laboral especialmente nas profesións nas que se atopan subrepresentadas.

Accións

- a) Promover o acceso ás novas tecnoloxías por parte das mulleres de Arzúa.
- b) Desenvolver accións formativas específicas en novas tecnoloxías dirixidas ás mulleres.

III.-MULLER E SAÚDE

1-Introdución.

Se se quere resumir a situación da saúde das mulleres nunha frase, poderíase dicir que “as mulleres teñen peor saúde física e mental e padecen máis trastornos psicoafectivos ca os homes. Isto ocorre en todos os grupos de idade, nivel de estudos, ocupación ou ingresos económicos. Xeralmente, as mulleres mostran peor estado de saúde ca os homes”.

Os factores que explican e determinan esta situación están relacionados con aspectos biolóxicos diferenciais. Pero, tamén, con asuntos sociais como o sistema sexo-xénero, que inclúe cuestións como o papel de coidadoras no contorno familiar, a violencia de xénero, a falta de corresponsabilidade nas tarefas domésticas, a dobre xornada, as desigualdades no mercado laboral ou a falsa emancipación da muller.

Ademais, as mulleres teñen necesidades e problemas específicos e unha perspectiva do proceso de saúde e enfermidade diferente ao dos homes. Para as mulleres, a saúde é unha concepción global -que se relaciona coa enerxía, co equilibrio e co benestar-. Ademais, integran os diferentes elementos vitais coma un continuo, enlazando saúde, familia, consumo, calidade de vida, medio ambiente... En troques, os homes posúen unha visión máis fragmentada dos diferentes factores e tenden a illalos, diferencialos e explicalos de xeito individual.

Ao mesmo tempo que a muller se foi incorporando ao traballo fóra da casa e abandonando o rol maternal como único e exclusivo, tamén foron xurdindo as sobrecargas e as presións. Isto, en moitos casos, provocou que se buscaran solucións rápidas e efectivas para afrontar a súa experiencia vital nas mellores condicións posibles. Solucións, moitas veces, baseadas en conxecturas, prexuízos, ideas preconcebidas e recomendacións non sempre medidas nin desinteresadas. Xunto a isto, as mulleres son unha diana de multitude de mensaxes de saúde, non sempre suficientemente claras nin

contrastadas, fronte ás cales, case sempre, están desarmadas e son vulnerables.

O que neste momento ninguén dubida é a existencia de problemas e malestares propios da muller, que proveñen de particularidades físicas, funcións biolóxicas, roles e responsabilidades durante as distintas etapas da súa vida. Estes son inherentes ao seu xénero. Por exemplo, as mulleres teñen taxas de depresión máis altas ca os homes causadas por unha serie de factores biolóxicos e culturais e, amais, as hormonas xogan un papel fundamental en certos cambios anímicos da muller ao longo da súa vida.

2-Situación actual

Despois de todo o apuntado e tendo isto en conta, imos centrarnos na realidade da muller de Arzúa. Para estas, os problemas e as preocupacións que sofren non son diferentes ca os de calquera outra muller que esté desenvolvendo a súa vida nun contexto económico e socio-cultural de características similares.

Entre estes, e dende a nosa experiencia, poderíamos destacar:

1) -As tensións derivadas do rol de cuidadoras principais de persoas dependentes que, na maioría dos casos, véñse exercendo pola muller. Como ben se sabe, o rol de cuidadora foi, principalmente ou totalmente, atribuído á muller. E é no medio rural onde isto pervive con máis forza. Isto pódese deber a que, en moitos casos, a muller, despois do casamento, quedaba a vivir na casa paterna ou na casa dos sogros. Isto, en menor medida, aínda está pasando. Pero, en calquera caso, a muller segue sendo a cuidadora principal dos fillos, anciáns e persoas dependentes. Non dispendo de moitas axudas (residencias, centros de día, garderías) debido á escaseza de infraestruturas, das que si dispoñería no medio urbano.

2) -Os retos que se deben afrontar cando se acada a terceira idade. Entre estes, e debido ao cambio nos costumes sobre o coidado dos nosos maiores, están: a soidade coa que teñen que convivir decotío moitas persoas maiores, as dificultades para disfrutar dos servizos que existen en Arzúa xa

que, en moitos casos, non dispoñen de medio de transporte que os achegue aos servizos médicos ou administrativos. En definitiva, limitacións nas condicións físicas, psíquicas e sociais que poden levar a situacións de desarraigo e marxinalidade.

3) -A relación cos outros e con ela mesma, xa que, en moitos casos, está condicionada por unha baixa autoestima. Teñen tan interiorizado o papel de vivir para os demais que elas mesmas *ningunéase*, esquécense das súas necesidades ou, simplemente, xa non as plantexan. Dado que a vida cotiá se “naturaliza”, é difícil que as mulleres ante unha sucesión de actos e feitos espontáneos, rutinarios e, aparentemente, inmutables recoñezan algún indicador de que non se están valorando ben.

Para a muller do rural, o traballo doméstico e de coidado supón unha carga física, mental e emocional, unha dificultade de acceso ao mundo laboral e aos órganos de xestión e participación social, unha renuncia ao tempo propio, unha limitación ao seu desenvolvemento como persoa, unha rutina, un illamento. Todas estas circunstancias, unidas á falta de recoñecemento do traballo doméstico, condicionan unha diminución da calidade de vida da muller e, tamén, unha diminución da súa autoestima. Así pois, a repetida exposición a estas circunstancias pode repercutir sobre a saúde física e mental das mulleres. Son frecuentes as manifestacións de ansiedade, angustia e outras alteracións psicosomáticas como problemas dixestivos, de insomnio, dores de cabeza, dores musculoesqueléticas, etc. Isto provoca o consumo de fármacos como analxésicos, antiácidos, tranquilizantes, antidepressivos, así como a frecuencia e o aumento das consultas médicas.

4)-A prevención do consumo de drogas e dos embarazos non desexados por parte da poboación máis nova de Arzúa. Nestas problemáticas a prevención é fundamental. E o mellor xeito de facer prevención é a información.

En España, as mulleres, especialmente, as máis novas, consumen cada vez máis tabaco e alcohol, cos graves efectos que estes teñen para a súa saúde. Sendo aínda o máis alarmante se cabe, o aumento no consumo doutras substancias como a cocaína e as drogas de deseño. Estes últimos consumos

non afectan, unicamente, aos grandes núcleos urbanos como pode resultar máis doado pensar.

Sobre a sexualidade, non podemos nin debemos ignorar o cambio de valores respecto a este tema que tivo lugar nas últimas décadas. E con este troco fanse necesario programas de educación sexual, nos que os rapaces e as rapazas de Arzúa poidan vivir a súa sexualidade dun xeito san e responsable. A tendencia a ter experiencias sexuais a idades cada vez máis temperás xunto á falta de información e de servizos aumenta o risco de embarazos non desexados así como o perigo de contraer enfermidades de transmisión sexual, especialmente a sida.

5)-A abordaxe de certas enfermidades que, aínda que son padecidas por unha porcentaxe bastante considerable da poboación, seguen a ser descoñecidas, como por exemplo: a depresión ou a fibromialxia. A maioría das mulleres que están padecendo un cadro depresivo toman un tratamento con fármacos baixo a supervisión do psiquiatra. Pero, debido á saturación desta consulta, como no caso de Arzúa, ou á abordaxe puramente farmacolóxica que moitos psiquiatras consideran como o único axeitado, séntense soas e pouco escoitadas na súa enfermidade.

Desgraciadamente, hoxe en día, o sistema sanitario non está preparado para atender á persoa enferma nun sentido integral. A *superespecialización*, que tantos avances acadou, esqueceu que o ser humano é un ser integral, que ten que ser escoitado, atendido e tratado dun xeito global.

As mulleres temos entre dúas e tres veces máis probabilidades de sufrir depresións ca os homes, aínda que non existe ningunha razón biolóxica innata que explique esta diferenza.

Respecto á fibromialxia, cabe destacar que é unha enfermidade que aínda está comezando a ser recoñecida como tal. Pero a realidade é que moitas mulleres estana padecendo. E as mulleres de Arzúa non son unha excepción.

3.- Obxectivos

1.- Reforzar o desenvolvemento de programas relacionados cos problemas de saúde de maior incidencia nas mulleres.

Accións

- a) Promover a colaboración entre a Concellaría de Muller e o Centro de Saúde para a realización de diversas campañas.

2.- Potenciar e impulsar hábitos de vida saudables nas mulleres que favorezan o seu autocoidado durante todo o seu ciclo vital.

Accións

- a) Realizar grupos de traballo, obradoiros, charlas que traten aspectos da saúde como a alimentación, o coñecemento do propio corpo, a autoestima, as habilidades sociais ou o exercicio físico. Todo isto, elixindo os aspectos máis prioritarios en función da idade das mulleres.
- b) Difundir e promover o coñecemento e o uso dos servizos existentes na área da saúde, tanto de ámbito local como autonómico.

3.- Desenvolver programas de información e educación sexual, dirixidos a toda a poboación e, prioritariamente, aos adolescentes.

Accións

- a) Realizar e promover programas de educación sexual para a mocidade e para os adultos/as.
- b) Elaborar materiais divulgativos que aborden monograficamente distintos temas do benestar psicolóxico das mulleres.

4.- Contribuír a mellorar a calidade de vida das mulleres con algunha incapacidade ou dependentes.

Accións

- a) Promover que nos programas asistenciais dirixidos a persoas afectadas por algún tipo de discapacidade e dependentes se teñan en conta a especificidade das concretas necesidades das mulleres.

IV.- MULLER E EDUCACIÓN

1-Introdución

Acadar o obxectivo da igualdade de oportunidades entre muller e home precisa da educación como instrumento básico na familia e na escola. Ambas son axentes fundamentais de socialización e modifican actitudes, normas e valores sociais que determinan uns roles estereotipados.

O sistema educativo constitúe un instrumento de cambio fundamental e permite avanzar na loita contra a discriminación e a desigualdade. É preciso potenciar unha nova filosofía pedagóxica dende a perspectiva coeducativa que fomenta actitudes, valores e capacidades. Tamén debe promover o desenvolvemento das diferentes identidades persoais e crear modelos educativos non discriminatorios. Estes combaterán as desigualdades sociais, entre elas as que se producen en función do xénero. Para lograr unha educación en valores e fomentar actitudes igualitarias –tanto no ámbito educativo coma no social- é necesario incorporar o principio de igualdade como un contido transversal no currículo escolar en todos os niveis educativos. Para isto, é necesario a revisión e a elaboración de materiais escolares.

Respecto á familia, esta non só é un axente socializador inicial, senón que este papel consérvase durante toda a vida dos seus membros. Por iso, é fundamental o rol que dende as familias se pode desempeñar á hora de educar na igualdade. Esta educación debe partir do exemplo por parte das figuras de referencia para os nenos. Se non se incide na forza da familia como instrumento de cambio cara a un futuro máis igualitario entre homes e mulleres, de pouco ou nada servirán os cambios que a outros niveis da sociedade se levan a cabo.

Pero cando falamos de educación non só facemos referencia ás mulleres máis novas, senón que tamén pensamos en mulleres de maior idade. Xa que os datos estatísticos apuntan a taxas de analfabetismo femininas superiores ás masculinas nos tramos de idade máis altos e, sobre todo, nas zonas do medio rural.

Unha vez máis as mulleres do rural teñen que acadar cotas que as mulleres que viven nas cidades superaron hai tempo. Estas últimas dispoñen dun mellor acceso á educación e á formación profesional e isto favorece unha maior participación na vida pública e asociativa.

A oferta educativa de cara a este colectivo, en clara desvantaxa respecto ás mulleres da mesma idade pero cunha formación básica, pasa por propostas de formación que teñan como obxectivo esencial o desenvolvemento da autoestima e das habilidades sociais, que lles faciliten un maior grao de autonomía persoal. Isto leva a algo tan aparentemente básico como a erradicación do analfabetismo funcional na poboación feminina.

Aquí debe terse en conta que, aínda que as competencias en educación corresponden ás Administracións Centrais e Autonómicas, os Concellos teñen unha grande responsabilidade na organización de actividades, tanto extraescolares cara aos máis pequenos como a planificación de clases de educación para adultos.

E, por último, non podemos esquecer que estamos na era da comunicación a través das novas tecnoloxías. Pero para que as mulleres poidan facer oír a súa voz e realizar o seu potencial deben primeiro contar cos medios de ser escoitadas. Necesitan, por tanto, acceso aos medios e aos canais de comunicación, ademais dos coñecementos e técnicas para empregarlos.

O acceso ás novas tecnoloxías pode ser unha plataforma dende a que se poidan dar cambios nas actitudes, nos costumes ou en determinados comportamentos sociais que poidan estar afectando negativamente á vida das mulleres.

2-Situación actual.

A presenza de mulleres é moi similar á de homes nos diferentes niveis de ensinanza obrigatoria. Sen embargo, atopámonos unicamente ante unha igualdade formal pero non diante dunha igualdade real entre ambos sexos. Xa que poden seguir reproducíndose os valores masculinos, infravalorando os valores considerados femininos, e transmitíndose de xeito non explícito os mesmos estereotipos de xénero.

A educación constitúe un pilar fundamental en todo o proceso de socialización e desenvolvemento integral das persoas, polo que se converte nun recurso idóneo para o fomento da igualdade de xénero.

Actualmente, en Arzúa contamos con catro centros educativos:

- 1.- COLEXIO PÚBLICO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.
- 2.- COLEXIO NOSA SRA. DO ROSARIO.
- 3.- IES ARZÚA.
- 4.- EFA PIÑEIRAL.

3-Obxectivos

1.- Sensibilizar ao conxunto da poboación sobre a igualdade entre homes e mulleres.

Accións

a) Divulgar materiais na comunidade educativa que, editados polas diferentes administracións e organizacións públicas e privadas, aborden a igualdade de oportunidades.

2.- Fomentar unha educación que promova a adquisición de valores, comportamentos e actitudes máis igualitarios e tolerantes tanto dentro do marco escolar como fóra del.
--

Accións

a) Sensibilizar aos colectivos implicados na educación para que identifiquen e modifiquen actitudes e condutas sexistas.

c) Colaborar dende o Centro de Información á Muller cos centros educativos na realización de actividades encamiñadas á sensibilización en materia de igualdade de oportunidades.

3.- Elevar o nivel formativo das mulleres adultas de Arzúa.

Accións

- a) Realización de cursos de aprendizaxe e formación para mulleres que completen ou melloren a súa formación.
- b) Educación para adultas: realización de cursos encamiñados á obtención do título de ESO ou doutros niveis segundo a demanda que haxa.

4.- Fomentar ou impulsar programas ou proxectos de reparto de tarefas dun xeito igualitario.

Accións

- a) Realizar cursos de aprendizaxe para homes e, tamén, para mulleres nos que se faga un cambio de roles tradicionais (homes: limpeza do fogar, coidado de persoas maiores...), (mulleres: mecánica, fontanería...).
- b) Realización de obradoiros nos que participen todos os membros da familia, incluíndo rapaces e rapazas maiores de oito anos, co fin de fomentar a corresponsabilidade no fogar.

5.- Promover o acceso ás novas tecnoloxías por parte das mulleres de Arzúa.

Accións

- a) Favorecer mediante cursos e medios materiais o acceso das mulleres ás novas tecnoloxías.

V.- CONCILIACIÓN VIDA LABORAL, FAMILIAR E PROFESIONAL

1-Introdución.

O desenvolvemento económico é unha das preocupacións principais da Unión Europea e dos seus Estados membros. A taxa de emprego é un dos indicadores que inflúen no crecemento económico para o que se fai necesaria tanto a participación das mulleres como a dos homes, non podendo prescindir de parte dos recursos humanos dispoñibles.

Tradicionalmente, foron as mulleres as que maiores taxas de paro rexistraron e menores taxas de actividade. Esta situación explícase pola división sexual do traballo que xerou un desequilibrio na participación laboral de mulleres e homes e o desenvolvemento de estereotipos de xénero que, aínda hoxe, seguen limitando o acceso e o desenvolvemento profesional das mulleres.

Contribuír a cubrir estas necesidades do mercado de traballo fomentando o desenvolvemento económico e cumprir así, entre outros, cos obxectivos do Cumio Europeo para o 2010 de acadar unha taxa de emprego do 70%, e feminina do 60%. Isto pasa por facilitar a conciliación da vida familiar e laboral de mulleres e homes.

As mulleres seguen a ocuparse, en maior medida ca os homes, das tarefas domésticas e do coidado das persoas dependentes da súa familia. Chegan a ter dobre ou, incluso, triple xornada laboral se ademais están traballando fóra da casa.

Non existe suficiente número de servizos sociais públicos e gratuítos adecuados para a conciliación da vida laboral e familiar. E, aínda que non nos guste somos as mulleres quen nos vemos obrigadas a conciliar, polo que cun salario máis baixo e con contratos temporais precarios é máis doado que sexa a muller, e non o home, quen abandone o traballo para dedicarse ao coidado da familia.

Na actualidade, asistimos a un cambio social que se dirixe á construción dunha sociedade que incorpora novos modelos de organización e que considera a conciliación de vida laboral, familiar e persoal como un elemento non só de calidade na vida das persoas senón imprescindible. Este cambio social só é posible se participan todos os axentes sociais dende unha corresponsabilidade social.

Faise preciso que todos os axentes implicados na consecución da conciliación formen parte do proxecto de cambio que socialmente se demanda: os homes e as mulleres de Arzúa, en xeral, e a mocidade, en particular; as empresas da comarca; e as Administracións Públicas, en xeral, e o Concello, en particular.

2- Situación actual

Do estudo de necesidades feito no Concello de Arzúa revélase unha dobre problemática: por un lado, no ámbito doméstico e, por outro, no empresarial.

A implicación do home nas tarefas domésticas é unha das materias pendentes que inciden negativamente á hora de conciliar a esfera pública e a privada.

Por outra banda, atopámosnos cunha falla de concienciación por parte das empresas ubicadas no concello. Faise preciso amosar aos empresarios e empresarias como a conciliación é unha estratexia que permite dar resposta ás necesidades persoais e familiares das traballadoras e traballadores e, por tanto, mellorar a satisfacción e motivación no traballo. É unha ferramenta básica de xestión de recursos humanos que permite aproveitar todo o capital dispoñible na organización. Para que isto se traduza nun maior rendemento e produtividade para as empresas é recomendable levar a cabo unha serie de actuacións encamiñadas á concienciación dos empresarios e empresarias do concello.

Así mesmo, dende o Concello estase facendo un esforzo por incrementar os recursos dispoñibles que faciliten a conciliación da vida familiar, laboral e persoal dos veciños e veciñas de Arzúa.

3- Obxectivos

1.- Promover o cambio de papeis e estereotipos asignados pola sociedade a mulleres e homes. A conciliación é unha estratexia que vai dirixida a facer compatibles diferentes espazos e tempos da vida das persoas para responder ás necesidades e requerimentos da vida laboral, familiar e persoal.

Accións

a) O Concello levará a cabo campañas de sensibilización dirixidas a toda a poboación co fin de fomentar unha cultura da corresponsabilidade no fogar.

b) Realización de obradoiros de tarefas domésticas de limpeza, coidado e cociña para homes.

c) Dende o Centro de Información á Muller do Concello e, en colaboración cos centros educativos, levaranse a cabo obradoiros e charlas de concienciación dos rapaces e das rapazas de Arzúa sobre a necesidade de correponsabilizarse das tarefas do fogar e do coidado de dependentes.

2.- Fomentar un cambio na cultura empresarial. As entidades deben ser conscientes de que o benestar do seu persoal está directamente relacionado coa súa capacidade de pleno rendemento e que os traballadores e traballadoras renden máis e mellor cando se está potenciando un modelo de empresa que pon en práctica medios para apoiar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

Accións

a) Realizar charlas e obradoiros cos empresarios e empresarias para conseguir fomentar unha cultura empresarial baseada no factor humano e no potencial que teñen tanto as mulleres como os homes.

b) Elaboración e distribución entre as empresas de Arzúa dunhas enquisas para que coñezan as necesidades que teñen as súas traballadoras e traballadores para conciliar a vida laboral coa familiar; co fin de que adapten as súas estratexias empresariais ás necesidades de conciliación do seu persoal, experimentando fórmulas de flexibilidade, achegando os servizos para a atención de persoas dependentes, informando ao persoal sobre os permisos, etc.

3.- Incrementar dende o Concello os recursos para favorecer as posibilidades de conciliación.

Accións

a) Implantación de actividades lúdico-educativas para rapaces e rapazas en períodos non lectivos (semana santa, verán e nadal). Elaborar un programa partindo da idea do xogo educativo tendo como actividade principal dotar ao Concello de servizos para fillas e fillos de nais e pais traballadoras, con persoal especializado fóra do horario escolar e durante o período vacacional. XOGARZÚA.

b) Incrementar, paulatinamente, o Servizo de Axuda a Domicilio que se vén prestando dende o Concello.

c) Favorecer a implantación no concello de empresas prestadoras de servizos de apoio ás familias.

c) Fomentar e apoiar a creación dun banco do tempo en Arzúa.

VI.- AVALIACIÓN.-

A avaliación levarase a cabo utilizando dúas metodoloxías diferentes.

1.- Método cuantitativo.-

Realizarase un rexistro das actuacións postas en marcha e rematadas, e as que non puideran levarse a cabo. Contabilizarase o número de mulleres que participan en cada actividade.

2.- Método cualitativo.-

Procederase á elaboración previa dunhas follas de avaliación que facilitarán a información que se recolla dos diferentes axentes sociais, organismos, asociacións, departamentos implicados e destinatarias participantes nas actividades realizadas, sobre o seu correcto desenvolvemento, grao de execución real, profundidade e arraigo acadado en cada acción concreta.

Ao remate da vixencia do II Plan de Igualdade de Oportunidades elaborárase un informe e memoria coas conclusións finais.